

XORNADAS de DEPORTE VECIÑAL

29 de Novembro 2008



Sendeirismo:

"Circular de Chandebrito"



ASOCIACION de VECIÑOS "O FREIXO"





Asociación Veciñal
Socio Cultural e Deportiva
O FREIXO

avvfreixo@telefonica.net

www.freixo.net



XORNADAS DE DEPORTE VECIÑAL 2008

SENDEIRISMO NA FEDERACION "EDUARDO CHAO"

CAMIÑOS DO FREIXO

INTRODUCCIÓN:

A Asociación de Veciños "O Freixo" leva xá un monte de anos promovendo a actividade de sendeirismo entre seus Asociados; dende camiñadas de ámbito local, recuperación dos Camiños a Santiago, ou Grandes Travesías de 50 Km, alcanzando A Garda, A Franqueira ou Figueiró.

O entorno natural do Barrio de Freixo, ó pé do Monte dos Pozos, está composto por unha espesa Masa Forestal limitada polas alturas dos Montes do Alba, Maúso e Saiáns.

Trátase de unha Paisaxe no límite das Parroquias de Matamá, Comesaña, Coruxo, Saiáns, Chandebrito e Valladares, artellada polos regatos que verten ó Lagares na Ponte de San Andrés.

As Aldeas de Mío, Casás, Fragoselo, Chandebrito e Freixo, componen un conxunto etnográfico asentado no entorno daqueles regatos, onde o progreso demorou en chegar por causa da orografía, e onde as costumes e os xeitos antigos de vida se guardaron por mais tempo, deixando sináis claras do seu paso.

Xacementos Arqueolóxicos e conxuntos de Muíños e Regas, ocúltanse nas Fragas de Castiñeiros e Carballos á espera dos camiñantes.

Vestixio tamén de antigos litixios son a extensión na Comarca dos límites da Parroquia de Valladares no Freixo, e o do Concello de Nigrán polo Chandebrito, dominando os nacentes das augas que despois regan as Terras mais baixas.

G 36.654.184

Cif:



Asociación Veciñal
Socio Cultural e Deportiva
O FREIXO

avvfreixo@telefonica.net

www.freixo.net



CAMIÑOS DO FREIXO

OS SENDEIROS

O entramado de corredoiras que se entrecruzan polas Aldeas, Canteiras, Explotacións Agrarias e Forestais, xustifican a proliferación de Sendeiros Sinalizados que atravesan a Comarca do Freixo.

http://hoxe.vigo.org/movemonos/mambiente_sendas.php?lang=gal é a Páxina da Concellería de Medio Ambiente que recolle o paso do PRG-9, "Alba á Outeiros" e GR-53, "Senda Panorámica de Vigo".

De Monte Alba a Monte dos Pozos encóntranse as marcas de un terceiro PRG-¿?, non recollido nas Guías, que coincide neste tramo co trazado do GR-53, e descende a seguir polos camiños da Móo e Beirán en dirección a Matamá e Pereiró.

Do Castro de Chandebrito arrancan tamén o GR-58 "Sendeiro das Greas" en dirección a Baiona, e o PRG-61, a "Prazins-Rozadas"

<http://www.vivelanatural.eza.com/senderismo/SenderosPontevedra.php#62>

Recollemos na nosa información o trazado destes Sendeiros, a fin de non embarullar as marcas de uns e outros. As sinais dos "Camiños de Freixo" non se superpoñen en ningún caso cás demais.

Ver mapa: ["Trazado dos GR e PGR"](#)



CAMIÑOS DO FREIXO

1.- "Circular de Chandebrito"

FI CHA TECNICA	
DI STANCI A	10, 600Km
DESNI VEL	200m
DURACI ON	2 horas
DI FI CULTAD:	<i>Baja Apto Bici s</i>
DATA:	29/11/2008
HORA SAI DA:	09, 00h
LUGAR:	<i>Bibli oteca do Frei xo</i>
<div style="text-align: center;"> <h3>PERFIL</h3> </div>	
<div style="display: flex;"> <div style="flex: 1;"> </div> <div style="flex: 1;"> <h3>COMO CHEGAR</h3> <p>Vehí cul o Parti cul ar: <i>VG-20 /Sai da/5 MATAMÁ</i></p> <p><i>Indicadores a Fontesanta e Imprenta Maxin.</i></p> <p><i>Est. do Zondal (Crematorios Basura) - Est. de San Xoan 203</i></p> <h3>VI TRASA:</h3> <p>I DA <i>L-12/Sai da 08, 25/Pza. España</i></p> <p>RETORNO <i>L-20/Sai da 14, 25/ Frei xo</i></p> </div> </div>	

Cif: G 36.654.184



CAMIÑOS DO FREIXO

1.- "circular de chandebrito"

DESCRIPCION:

Saindo da biblioteca de Freixo, tómase pola pista forestal que vai en dirección ó Barrio da Igrexa de Valladares, bordeando o Campo de Fubito do Freixo.

PK. - 0,990 **Vírase á dereita** polo Sendeiro de terra que ascende en sentido contrario ó da marcha

PK. - 1,290 **Vírase a esquerda** á altura da línea de Alta Tensión, e alcánzase a **Estrada do Freixo**, continuando ata o desvío do **Parque Forestal do Monte dos Pozos** (Sinais PGR)

PK. - 1,720 **Lago do Monte dos Pozos**; sáese polo extremo contrario; pista de terra sinalizada por poste do **GR-53**

PK. - 2,485 **Cementerio Particular** de Valladares. Abáñdónanse os sinais de GR e PGR; **vira á dereita** por Sendeiro de terra antes do Cruceiro da Pinguela. Dirección Mte. Alba.

No **primeiro cruce** contornéase a **mán dereita** unha Finca Pechada; **Sendeiro estreito a mão esquerda** que bordea uns prados (no borde deles encóntrase unha fonte e lavadeiro de pedra) e vira á dereita; **Cruce de sendeiros**: tómase o que ascende empinado a **mán esquerda**

PK. - 3,210 **Pista Asfaltada**: Vírase á Dereita; Sinais de PRG; Pásase fronte a Fonte Porticada da Comunidade de Montes. A 100m, tómase un sendeiro empedrado que ascende á **esquerda**

PK. - 3,560 **Estrada do Alba**; Vírase á dereita sen ter en conta as sinais do GR; Pasando polo Campo de Esculturas, miradoiro, Restaurante "Sanatorio do Alba", chégase ó cruce da Estrada do Cepudo, Ponto mais alto do Sendeiro.

PK. - 3,890 **Cruce do Cepudo**; Sinais do PRG-9, que seguimos en descenso en dirección Chandebrito pola Est. do Zondal.

PK. - 4,270 Curva moi pechada e **Cruce á Esquerda** para tomar a **Pista Asfaltada** que descende a Chandebrito.

PK. - 5,210 **Canteira**; Vista Panorámica sobre a Ría



1.- "circular de chandebrito"

DESCRIPCION (2):

PK. - 5,920 **Muíño e Azeña do Castro de Chandebrito;** Cruce dos GR 53 e 58; Sinais dos PRG-9 e 61; continuamos pola Estrada asfaltada en dirección Chandebrito.

PK. - 6,280 **Lugar de Chandebrito;** Atravesamos o conxunto de Muíños do pé do Castro, e seguindo o PRG-9 chegamos á **Estr. de Fragoselo,** que tomamos a man dereita.

PK. - 6,740 **Pista do Zondal;** primeira curva á esquerda; **vírase á dereita** por unha pista ampla de terra que llanea e descende en dirección ó Vertedoiro do Zondal.

PK. - 7,150 **Rego da Presa**

PK. - 7,325 **Rego da Pela**

PK. - 7,785 **Rego Seco;** espectacular umbría.

PK. - 8,190 **Cruce co desvío a Fragoselo;** Ponto mais baixo do percurso; a pista comenza a ascender facendo grandes curvas.

PK. - 8,660 **Estrada do Zondal;** asfaltada; tómase á esquerda, baixando, e pasando ó pé do antigo vertedoiro do Zondal.

PK. - 9,100 **Fervenza do Rio Seco;** a estrada comenza a subir, cruzando o Rio Seco, e chegando ó alto da Porteliña, onde deixamos á dereita sinais do GR 53.

PK. - 9,390 **Canteira de Cuviles;** xá en descenso deixamos á esquerda a Canteira de Cuviles, e tomamos á dereita un sendeiro de terra que descende virando fortemente á dereita.

PK. - 9,810 **Rego da Galiñeira;** O Sendeiro llanea e sobe de novo ata alcanzar un camiño asfaltado de forte pendente no lugar en que se encontran o Lavadoiro e a Presa da Galiñeira.

PK. -10,100 **Estrada de San Xoan;** Alcanzado este punto, chégase ó Barrio do Freixo, continuando á dereita en dirección á Biblioteca.

PK. -10,660 **BIBLIOTECA DE FREIXO**